

UNIDADE DIDÁCTICA

Rubicundo




Teatro dos
Ghazafelhos

Quen somos?

Ghazafellos é unha compañía nacida en Narón no ano 2006, da man de Pepablo Patiño e Montse Piñón. Inícianse con pequenas obras de monicreques, contacontos e teatro de rúa, e especialízanse en teatro de actor, consolidándose en pouco tempo como unha das compañías galegas de referencia para público familiar.

Os seus primeiro espectáculo “A Orixe dos Ghazafellos” e “Contos Mariñeiros” destacan polo seu alto contido humano. No 2010 dan un salto notable e presentan “Frankenstein” obtendo unha das mellores críticas na Feira Galega de Artes Escénicas, xirando posteriormente polos principais teatros e auditorios do país.

O 2 de outubro do 2011, volven chamar a atención con “Nana para un Soldado” tocando un tema novo para a compañía, na que amosan a dureza da guerra dunha forma cómica e poética. En outubro de 2012 estrean en Narón “BonAppètit” un espectáculo cargado de sabores e cheiros, onde tres cociñeiros seguindo as receitas de Álvaro Cunqueiro cociñan unha comedia total en clave de clown. Unha das súas últimas representacións é “...3,2,1” un espectáculo de teatro xestual e mímica, acompañado da manipulación de monicreques e obxectos e moita música. Sen dúbida é unha obra chea de ten tenrura que nos chegará ao corazón.

No 2016 estrean “Rubicundo”, baseado na novela infantil de María Canosa, onde non esquecen a importancia dos valores humanos, dándolle un toque de humor e profundidade que fai as delicias de pequenos e maiores.



Que buscamos?



Con este documento buscamos axudar ao profesorado de Educación Primaria a atopar propostas de actividades e recursos para traballar nas aulas coa temática tratada nesta produción da Compañía Teatro Ghazafellos.

Tras a representación da obra “Rubicundo”, poderase traballar coa presente unidade didáctica, orientada aos alumnos de 3º e 4º de Primaria.

Como se observará máis adiante, poderán tratarse conceptos correspondentes ás áreas de lingua e literatura galega, coñecemento xeográfico, social e cultural e educación artística, ademais de fomentar a expresión oral e lingüística.

Na presente unidade didáctica inclúense actividades a realizar previas á representación e tamén a desenvolver posteriormente á mesma, baseadas todas elas nunha metodoloxía activa e flexible, adaptando o contido á idade dos rapaces receptores.

Os integrantes de Teatro Ghazafellos cremos no labor educativo de maneira heteroxénea, e consideramos unha función teatral un bo apoio ao labor desenvolvido nos centros educativos, tratando de que os nenos aprendan sen se decatar, mantendo a atención e facéndooos rir ao tempo que se introducen valores indispensables no desenvolvemento como persoas.



Rubicundo

Rubicundo é unha comedia dramática que está dirixida a un público familiar, centrándose nos cursos medios de Educación Primaria.

Cóntanos unha fermosa historia sobre a amizade, a constancia e a poesía, que nos arrodean nas cousas máis pequenas. Fala da necesidade de prestar atención aos pequenos detalles, eses que fan os días grandes.

Rubicundo fala da perseveranza, ilusión e o traballo como camiño á posibilidade de perseguir os nosos soños sen sentir límites nin distancias...

Rubicundo é unha obra de teatro actoral onde tres personaxes interactúan con obxectos, monicreques, bailan e cantan en directo. Pasearemos a través do humor, a profundidade dos sentimentos, a música, a acrobacia ou o claqué, sen esquecer os principios da mecánica ou a técnica a pequena escala.

Toda esta mestura de xéneos é un selo de identidade de Ghazafellos, que adoita incluír nos seus espectáculos para sorprenden a un público familiar e facer difícil de esquecer esta máxica historia: **RUBICUNDO**



Obxectivos

Recoñecer os valores das persoas, a nivel individual e como sociedade, fundamentándose en que o respecto cara aos demais é o principio do camiño da convivencia.

Temas e valores

- ✓ A curiosidade infantil
- ✓ Diálogo interxeracional
- ✓ Fantasía e poesía
- ✓ A igualdade entre xéneros
- ✓ Amizade e amor fronte ás desgrazas da vida
- ✓ Respecto polos demais
- ✓ Fomento da lectura
- ✓ Contribuír ao coñecemento doutras culturas
- ✓ Contribuír ao coñecemento e uso da lingua galega
- ✓ Espertar o gusto polo teatro



Campos de desenvolvemento



Lingua galega e literatura.

✓ Ampliación de vocabulario, coñecemento de frases e ditos típicos do noso idioma.

Evitar castelanismos, incluso en ditos e frases feitas, cando o idioma galego é rico nunha fraseoloxía propia.


Pex. Virar o vento significa, amais de cambiar o vento de dirección, mudar de idea.

✓ Distinción entre poetas costumistas, realistas, modernistas... O Rexurdimento.

A poesía galega do Rexurdimento non se adscribiu ao romantismo, senón que estivo inserida no realismo, pois as circunstancias específicas da nosa literatura, e do país no seu conxunto, así o exixían. O escritor que optaba polo galego na escrita asumía xeralmente un compromiso coa sociedade a que pertencía, que o levaba a se posicionar fronte á realidade e intentar mudala. Os poetas van conxugar comunmente a liña intimista coa preocupación polo país e as súas xentes, asumindo a defensa da terra e dos seus signos de identidade, nomeadamente o idioma, e a exaltación da súa fermosura e dos seus costumes; por outra parte, denunciarán as carencias da inxusta situación en que vive o podo, principalmente labrego. Deste xeito, cara a fins de século vanse consolidando as seguintes liñas poéticas: a intimista, a social-patriótica, a costumista-realista e a paisaxística, estas dúas últimas en conexión.

✓ Coñecemento do medio social e cultural.

O coñecemento do medio social e cultural pode darse por medio das relacións interxeneracionais, do coñecemento das tradicións e posta en común das raíces coa modernidade. Tamén pola relación con outras culturas, baseándonos no respecto polas mesmas. Isto axudará aos rapaces a fomentar o respecto pola contorna propia, polo alleo e tamén por eles mesmos, aceptando que o único xeito de constituír unha sociedade é vivir en harmonía.



✓ **Coñecemento do medio natural.**

A importancia de coidar e respectar a nosa contorna, así como acatar os ditames da natureza. É imprescindible vivir en harmonía co medio, tratando de que o impacto no mesmo sexa o mínimo posible.

✓ **Contidos transversais**

Educación nos valores da amizade, respecto, transixencia, cariño, igualdade, comprensión, compañía...

✓ **Fomento da lectura.**

Habilidades domésticas. É importante realizar actividades domésticas, e realizalas, sexan cal sexan cada unha delas, sen distinción de sexos.

✓ **Profesionalidade.**

Valoración da importancia de ser profesionais no desenvolvemento do traballo, coidando cada detalle, desde a limpeza ata o respecto polo cliente.



Actividades



◇ Antes da representación.

1. Pescuda sobre profesións non habituais.

Describir con detalle o desenvolvemento de profesións que non son habituais.

Dinámica: de maneira individual, presentar unha profesión que non sexa moi habitual no propio entorno. Presentarase mediante unha ficha na que se resuman as principais características da mesma, cun debuxo representativo da mesma. Cada rapaz explicará as características da actividade e someteranse todas a votación, segundo se consideren as máis estrañas. Pegaranse nunha cartolina indicando os postos de “rareza” que acadase cada unha en función dos votos conseguidos.

Duración: 45 minutos

Material: Cartolina, tesoiras, lapis de cores, material funxible...


2. Pescuda sobre formación de fenómenos meteorolóxicos.

Facer un pequeno resumo dos fenómenos meteorolóxicos máis habituais na contorna.

Dinámica: por grupos, elixir un fenómeno meteorolóxico típico galego. Preparar unha cartolina na que se debuxa este e se indiquen as características do mesmo, amais de indicar en que época do ano é frecuente. Pendurar as cartolinas nunha corda, a medida que cada grupo vaia explicando o desenvolvemento do mesmo.

Duración: 45 minutos

Material: Cartolina, tesoiras, lapis de cores, material funxible...



3. Os nomes da chuvia e do vento.

Facer un mural cos distintos nomes da chuvia e o vento segundo a intensidade.

Dinámica: por grupos, de dous ata catro alumnos, elixir un fenómeno meteorolóxico típico galego. Preparar unha cartolina na que se debuxa o mesmo, e se indiquen as características deste, amais de indicar en que época do ano é frecuente. Pendurar as cartolinas nunha corda, a medida que cada grupo vaia explicando o desenvolvemento do mesmo.

Duración: 45 minutos

Material: Cartolina, tesoiras, lapis de cores, material funxible...

4. E ti... de quen vés sendo?

Describir unha escena teatral na que os protagonistas sexan dous descoñecidos que se atopan, se presentan e se dan a coñecer.

Dinámica: por parellas ou grupos de tres, improvisar unha dramatización na que se atopan dúas ou tres persoas na rúa e se vaian coñecendo. Previamente, os demais deberán decidir que personaxe representa cada un deles, inventando para cada un a idade, sexo, profesión, gustos, afeccións...

Duración: 5 minutos/representación

Material: Papel e lapis para tomar notas.





5. Expresións propias.

Que significa...?

Δ A fume de carozo!

Δ Mirar en fite.

Δ Cara de ferreiro.

Dinámica: por grupos, definir cada una das frases indicadas e buscar un dito ou expresión semellante. O que, segundo a valoración de todos se considere o máis atinado, será elixido como mellor sinónimo. Copiarase nun papel e pendurarase na aula.

Duración: 25 minutos

Material: Cartolina, papel, lapis.





◇ **Despois da representación.**

1. Novas profesións do futuro.

Describe unha profesión que non coñezas, que creas que pode existir no futuro ou que che gustaría que existise hoxe en día.

Dinámica: cada alumno deberá buscar na casa información sobre cara a onde se dirixe o futuro laboral e, segundo iso, propor algunha profesión que podería ser válida máis adiante. Realizará unha ficha coa descrición da mesma, e exporá cada proposta ante os seus compañeiros. Posteriormente, penduraránse todas as fichas nunha corda e quedará exposta na aula.

Duración: 45 minutos

Material: Cartolina, papel, lapis, bolígrafos...

2. Profesións de aquí.

Escrebe un diálogo no que Rubicundo lle contase a Erea que a súa profesión consiste en dar de comer aos animais que viven nos bosques do Courel, e as preguntas que lle faría a nena.

Dinámica: por grupos, os rapaces poderán consultar (nos propios libros de texto, na biblioteca...) a flora e fauna típica do Courel. Segundo iso, crearán un pequeno diálogo entre os personaxes propostos, e representarán o mesmo mediante dous portavoces de cada grupo ante o resto de compañeiros da aula.

Duración: 45 minutos

Material: Cartolina, papel, lapis, bolígrafos...





3. Agasallos imperecedoiros.

Que agasallos inmateriais se fan os protagonistas da historia? Que valor teñen?

Dinámica: por grupos, os rapaces identificarán os agasallos inmateriais que os distintos protagonistas de Rubicundo se fan entre si. Ademais, cada un dos rapaces deberá lembrar un momento no que se sentisen felices cando alguén amosara unha condescendencia con eles, ou tivera un detalle inmaterial. Este será comentado ante os demais. Ao final abrirase un debate sobre a importancia de amosar os afectos.

Duración: 45 minutos

Material: Indeterminado

4. Medios de transporte.

Fai unha clasificación dos distintos tipos de medios de transporte que coñezas.

Dinámica: cada rapaz deberá buscar na casa información sobre un medio de transporte, realizando unha ficha coa descrición das características que o definen. Exporase ese medio de transporte aos demais rapaces da aula. As fichas de cada medio de transporte serán expostas na aula ao finalizar a actividade.

Duración: 30 minutos

Material: Indeterminado.

5. Comportamento animal.

Que tipo de comportamento típico dos gatos amosaba Néstor?

Dinámica: Por mímica, cada un dos rapaces deberá representar un comportamento que amosara Néstor na representación teatral, que os demais deberán adiviñar, e comentar cal é ese comportamento típicos nos felinos.

Duración: 30 minutos

Material: Indeterminado.




6. Mecánica sinxela.

Lembras como o monicreque de Rubicundo ascendía e descendía pola corda? Intenta imaxinar un mecanismo sinxelo que consiga un movemento.

Dinámica: En grupo, dirixidos polo profesor. Realizar un furado no tapón da botella e introducir o tubo de cobre. Dispor o inchador. Realizar unha nave espacial deseñando aleróns con cartón e pegándoos á botella de plástico, aos que unir unha palliña no costado. Disporase unha plataforma de lanzamento sobre tacos de madeira e unha táboa do mesmo material, onde situar o artefacto no centro da plataforma. Realizarase un furado polo que introducir unha variña de aceiro fixándoa coas porcas. Énchese a botella ata un terzo da capacidade, empúxase o tapón e bombéase o aire. Cando teña a presión suficiente... sairá disparado!

Duración: 45 minutos

Material: Trade, tapón de goma, tubo de cobre, inchador, cartón, botella de plástico, cinda adhesiva, palliña, tacos de madeira, vara roscada, porcas.





7. Materiais.

O fío que utilizaba Rubicundo para desempeñar o seu oficio era moi especial.

Que tipo de materiais cres que se poderían utilizar para a actividade?

Dinámica: cada rapaz deberá buscar na casa información sobre distintos materiais flexibles, realizando unha ficha coa descrición das características que o definen. Exporase as características dos mesmos, e elixirase como gañador o que mellor se podería adaptar para ser o compoñente principal do fío que Rubicundo ten que usar no seu traballo.

Duración: 30 minutos

Material: Indeterminado.

8. Poesía.

Escribe unha poesía á amizade.

Dinámica: todos os membros do grupo fan un poema, de dúas estrofas, sobre a amizade. Logo, len en alto as súas estrofas, e, por votación dos demais membros, decídese cal é a preferida de entre cada unha. A continuación, escríbense todas as estrofas e vanse colocando por orde segundo se vexa que queda máis fermosa a composición. Non é preciso utilizar todas as estrofas iniciais. Para rematar, procederase á lectura en voz alta do poema completo.

Duración: 45 minutos

Material: Cartolina, papel, lapis, bolígrafos...





9. Literatura.

Que poetas galegos cres que destacaron por amosar os sentimentos nos seus poemas?

Dinámica: cada rapaz deberá buscar na casa información sobre as características máis salientables dos poetas do Rexurdimento. Exporase ante os demais rapaces da aula, e farase un resumo sobre os mesmos, elaborando un mural conxunto coa información achegada polos distintos membros de alumnado.

Duración: 45 minutos

Material: Cartolina, tesoiras, adhesivo, lapis de cores...

10. Dramatización.

Dinámica: en grupos, poñer en escena un programa informativo a xeito de noticiario no que, ademais de noticias culturais e do tempo, se dea conta dunha nova extraordinaria aos espectadores.

Duración: Indeterminada.

Material: Indeterminado.



Valoración



A avaliación da unidade didáctica realizarase por parte de docentes e alumnado, no que se valorará:

- Grao de consecución dos obxectivos
- Participación
- Interese amosado
- Satisfacción
- Impacto

Os docentes realizarán a valoración segundo unha puntuación do 1 ao 10. Os alumnos, segundo o seguinte baremo: Nada, Moi pouco, Pouco, Bastante, Moito.

A valoración realizarase segundo os seguintes aspectos:

- Grao de participación durante o desenvolvemento das actividades previas.
- Grao de participación durante a representación da obra “Rubidundo”.
- Grao de atención durante a representación da obra “Rubidundo”.
- Grao de motivación durante a representación da obra “Rubidundo”.
- Grao de participación durante o desenvolvemento das actividades posteriores.
- Grao de motivación durante o desenvolvemento das actividades posteriores.
- Valoración de impacto da obra segundo
 - Coñecementos adquiridos
 - Importancia da adquisición de valores
 - Modificación de condutas

Enlace vídeo

<https://youtu.be/vTLP6gCEckM>

Galería fotográfica







Autoría da unidade didáctica:
Maria Canosa

Un espectáculo de:


**Teatro dos
Ghazafellos**

Distribución:

 **Urdime**
PROPOSTAS CULTURAIS
www.urdime.net info@urdime.net
+34 981 937 424 +34 619 920 335

